

## ENRIQUE LABARTA POSE (Cuestionario Exposición resolto)

1.- Que **actividades creativas** desenvolveu Labarta Pose ao longo da súa vida?

Exerceu como escritor, xornalista e fotógrafo.

2.- Con que nome dos **poetas medievais** se define Labarta ao comezo dunha poesía na que se describe?

Co nome de "Trovador de nombre oscuro".

3.- En que **data** e en que **vila** naceu Labarta?

Labarta naceu o 22 de xullo de 1863, en Baio (Zas).

4.- Que conta unha **lenda popular** acerca dunha pedra que había enfronte da súa casa natal?

A lenda conta que nesa pedra seu pai mazaba herbas para preparar medicinas.

5.- Que **carreira** estudou Labarta? De que **traballou** logo?

Estudou a carreira de Dereito e traballou de Oficial e de Inspector de Facenda.

6.- Cales son a **data** e lugar do seu **falecemento**. De que morreu?

Faleceu o 13 de maio de 1925, en Barcelona. Morreu a consecuencia das feridas sufridas no descarrilamento dun tren.

7.- Que **xéneros** destacan na súa creación literaria? En que **idiomas**?

Destacan a narrativa, a poesía e o teatro tanto en galego como en castelán.

8.- Con que **nome** dun **poeta** dos Séculos de Ouro da Literatura Española era coñecido Labarta? Debido a que?

Era coñecido co nome do Quevedo galego por mor do seu humor chispeante.

9.- Que libros principais de **poesía** publicou en galego e castelán? E de **contos**?

Os seus libros de poemas son: *Última novedad. Noventa y nueve céntimos de versos*, *Bálsamo de Fierabrás*, *Millo miúdo*, *Adormideras* e *Poesías en gallego y castellano*. Como narrativa publicou *Cuentos humorísticos*.

10.- Cal é a **importancia** de Labarta no cultivo da **fotografía**?

Labarta publicou a primeira fotografía impresa da historia de Galicia.

11.- Que cinco **publicacións periódicas** editou Labarta?

*Galicia Humorística*, *La Pequeña Patria*, *Extracto de Literatura*, *Pasatiempos* e *Galicia Moderna*.

12.- Que poemas, dos máis coñecidos de Labarta Pose, foron premiados nun **certame literario** celebrado en **Pontevedra** en **1886**?

"Probe Xan! Probe Xaniño! Probe gaitero de Baio!", "Revista dunha corrida de touros na vila de Noia", "¿Veñen eses cartos?" e "Canto a Pontevedra".

13.- Que **escolas** levan o nome do poeta baiés?

A escola de Pasarela (Vimianzo) e O colexio de Baio (Zas).

14.- Que **inscrición** hai nunha **placa** colocada no barrio barcelonés de Gracia?

"Gracia glorifica al poeta popular de Galicia Labarta Pose".

15.- Que **pretende** Labarta Pose coa poesía **"Non falés o gallego"**?

Labarta reivindica o uso do galego, tamén na cidade, á vez que critica que se rían de alguén por falar galego.